

Normas de corrección :

Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

**1. Non houbo vida sobre os continentes ata o Paleozoico porque:**

- a) Antes do Paleozoico non había atmosfera
- b) Antes do Paleozoico a atmosfera non tiña O<sub>2</sub>
- c) Antes do Paleozoico non había capa de ozono
- d) Tampouco había vida nos océanos; a vida apareceu no Paleozoico

**2. Os primeiros organismos vivos eran:**

- a) Procariotas e obtiñan enerxía por quimiosíntese
- b) Procariotas e obtiñan enerxía por fotosíntese
- c) Eucariotas e obtiñan enerxía por quimiosíntese
- d) Eucariotas e heterótrofos

**3. Velaquí unha lista de fósiles ordenados de máis antigos a máis modernos segundo a súa aparición no rexistro xeolóxico. Con todo, hai un infiltrado. Cal é o fósil que está mal colocado?: trilobites, graptolites, anxiospermas, pteridofitas, ximnospermas, dinosauros, mamíferos, nummulites.**


- a) Graptolites
- b) Anxiospermas
- c) Ximnospermas
- d) Nummulites

**4. Analizando un resto orgánico antigo encontramos que o seu contido en <sup>14</sup>C é a metade do que tiña inicialmente. Cal é a súa idade?**

- a) A súa idade será igual ao período de semidesintegración do <sup>14</sup>C
- b) A súa idade será o dobre do período de semidesintegración do <sup>14</sup>C
- c) A súa idade será a metade do período de semidesintegración do <sup>14</sup>C
- d) A súa idade será tres veces o período de semidesintegración do <sup>14</sup>C

**5. Cal é o teito e cal é o muro da serie estratigráfica representada e que estruturas permiten aseguralo?**

- a) A é o teito e B o muro; a estrutura é a secuencia granodecrecente.
- b) A é o teito e B o muro; a estrutura son as fendas de desecamento.
- c) A é o muro e B é o teito, a estrutura é a secuencia granodecrecente.
- d) A é o muro e B é o teito; a estrutura son as fendas de desecamento.



**6. Para que unha substancia sexa considerada un mineral, cal das seguintes características debe cumprir? :**

- a) Ter unha composición química indefinida e característica.
- b) Ser orgánica.
- c) Ter unha estrutura ordenada.
- d) Todas as características anteriores son necesarias para que unha substancia sexa considerada un mineral.

**7. Os sulfuros son minerais:**

- a) Non silicatos, nos que se combina o xofre e un metal.
- b) Silicatos, nos que se combina o ión sulfato con diferentes elementos.
- c) Non silicatos, formados por tetraedros de silicio.
- d) Silicatos, formados por un só elemento químico.

**8. A seguinte disposición de tetraedros de sílice é característica de:**



- a) Nesosilicatos
- b) Inosilicatos
- c) Ciclosilicatos
- d) Tectosilicatos

**9. As diáclases de descompresión que se observan na seguinte imaxe aparecen tipicamente en:**

- a) Granitos
- b) Cuarzitas
- c) Basaltos
- d) Pelitas



**10. Cara onde sopra o vento dominante neste deserto?**

- a) Cara ó norte
- b) Cara ó sur
- c) Cara ó leste
- d) Cara ó oeste

**11. O trazo da paisaxe onde afloran rochas calcarias, e que consiste nunha depresión circular cun sumidoiro central, denomínase:**

- a) Lapiás
- b) Lenar
- c) Dolina
- d) Poljé

**12. A formación e a evolución dun solo dependen de:**

- a) A pendente do terreno.
- b) A acción dos seres vivos
- c) A presenza de determinados minerais no substrato.
- d) Todas son correctas.

**13. A estrutura que se pode ver na imaxe chámase:**

- a) Frecha
- b) Tómbolo
- c) Delta
- d) Farallón



(recuperado de: <https://www.booking.com/hotel/es/camping-bayona-playa.es.html>)

**14. As terrazas fluviais orixínanse por:**

- a) Escorregamento de noiros preto da canle
- b) Encaixamento do río na súa chaira de inundación
- c) Aparición de fallas escalonadas paralelas á corrente
- d) Ningunha é correcta

**15. As condicións de cristalización dun magma van condicionar a textura que finalmente terá unha rocha magmática ou ígnea. Sinala entre estas afirmacións a correcta:**

- a) Unha pumita ten textura porfídica.
- b) Un granito pode ter textura bandeada.
- c) Unha sienita ten textura fanerítica.
- d) Un basalto ten textura fanerítica.

**16. O “endereço” correcto para o noso planeta é:**

- Terra, 3º planeta rochoso, Grupo Local, Sistema Solar, Brazo de Orión, Vía Láctea, Universo
- Terra, 3º planeta rochoso, Sistema Solar, Vía Láctea, Brazo de Orión, Grupo Local, Universo
- Terra, 3º planeta rochoso, Sistema Solar, Grupo Local, Brazo de Orión, Vía Láctea, Universo
- Terra, 3º planeta rochoso, Sistema Solar, Brazo de Orión, Vía Láctea, Grupo Local, Universo

**17. A nosa estrela, o Sol, xera actualmente helio a partir de hidróxeno por fusión nuclear. Non obstante, os principais compoñentes do noso planeta son osíxeno, silicio, aluminio e ferro. Estes elementos xeráronse:**

- No Sol, hai moito tempo
- Noutras estrelas anteriores
- No Big Bang
- En buracos negros

**18. Cal é a orde cronolóxica correcta dos seguintes acontecementos xeolóxicos:**

- Oroxenia Alpina, fragmentación de Panxea, orixe do Atlántico.
- Oroxenia Alpina, orixe do mar Vermello, oroxenia Varisca.
- Oroxenia Varisca, formación do Himalaia, orixe do Atlántico.
- Oroxenia Varisca, orixe do Atlántico, formación do Himalaia.

**19. Estas calcáreas do Xurásico conteñen fósiles de corais, logo formáronse en augas mariñas cálidas e pouco profundas. Ao pronunciar unha frase coma esta, aplicamos o principio de:**

- Superposición de estratos.
- Sucesión faunística.
- Catastrofismo.
- Actualismo.



File:Coral-fossil-4.jpg - Wikimedia Commons



**20. Que capa da Terra inflúe na formación do campo magnético terrestre?**

- a) O núcleo
- b) O manto litosférico
- c) O manto sublitosférico
- d) A litosfera.

**21. Os axustes isostáticos son moi lentos. A península escandinava segue a elevarse en busca do seu equilibrio isostático dende hai 10.000 anos. A causa do reaxuste é :**

- a) A diminución do espesor da codia continental.
- b) A fusión do xeo glaciar.
- c) A erosión dos materiais da codia continental.
- d) O depósito de sedimentos sobre a codia.

**22. A descontinuidade de Mohorovicic separa:**

- a) A litosfera da astenosfera
- b) A codia do manto
- c) O manto superior do inferior
- d) O manto do núcleo

**23. Cal das seguintes observacións NON foi empregada por Wegener para defender a deriva continental:**

- a) Distribución das moreas glaciares do Paleozoico
- b) Bandeado magnético nos fondos oceánicos
- c) Presenza de fósiles das mesmas especies en continentes hoxe afastados
- d) Encaixamento dos bordos continentais

**24. Con relación a un límite converxente entre litosfera oceánica e litosfera continental, indica que enunciado é incorrecto:**

- a) Está asociado a unha fosa oceánica e a un oróxeno tipo andino.
- b) A subdución provoca magmatismo e metamorfismo.
- c) Leva asociado terremotos de tipo distensivo.
- d) A converxencia provoca pregamentos e fracturación das rochas.

**25. O comportamento dunha rocha é máis fráxil se existe:**

- a) Maior temperatura e maior presión
- b) Maior temperatura e menor presión
- c) Menor temperatura e maior presión
- d) Menor temperatura e menor presión

**26. Unha zona elevada do terreo asociada a un sistema múltiple de fallas normais denomínase:**

- a) Horst
- b) Graben
- c) Cabalgamento
- d) Manto de corremento



**27. O material procedente dunha erupción volcánica que se solidifica no aire e ten un tamaño que vai dende os 4 mm ata os 3 cm, recibe o nome de:**

- a) Bomba
- b) Cinza
- c) Lapilli
- d) Toba

**28. Denominamos descontinuidade estratigráfica a:**

- a) Unha perda na horizontalidade dos estratos
- b) Un contacto entre dúas rochas diferentes
- c) Unha ausencia de materiais xeolóxicos a causa da erosión ou ausencia de sedimentación
- d) Todas son correctas

**29. A localidade de Sorbas aséntase sobre un potente nivel de xeso. Atendendo á xeoloxía de España, en cal das seguintes rexións se atopa?**

- a) A provincia de Pontevedra
- b) O Pireneo aragonés
- c) A provincia de Almería
- d) A illa canaria de Lanzarote

**30. De cal dos seguintes recursos xeolóxicos non existen xacementos en Galicia?**


- a) Carbón
- b) Wolframio
- c) Ouro
- d) Bauxita

**31. En que tipo de terreos xeolóxicos teremos que tomar medidas contra os solos expansivos?**

- a) Kársticos
- b) Arxilosos
- c) Terreos en pendente
- d) Graníticos

**32. A abundante presenza de granitos en Galicia está relacionada cun dos seguintes riscos xeolóxicos:**

- a) Radioactividade natural pola presenza de radón
- b) Inundación pola permeabilidade da rocha
- c) Contaminación das augas subterráneas pola presenza de uranio
- d) Esvaramentos favorecidos polo diaclasado da rocha



Modificado de: Introducción a la cartografía geológica. R.Ramón-Lluch, L.M. Martínez-Torres, A. Apraiz. 5ª ed (2018)

Lenda:

- A: Gravas e areas con niveis de cinzas volcánicas e restos de industria lítica
- B: Areíscas con niveis de basaltos
- C: Areíscas e lutitas con nummulites
- D: Calcarias con ammonites
- E: Conglomerados
- F: Calcaria
- G: Lousas con graptolitos
- H: Cuarcitas con crucianas
- I: Rochas subvolcánicas
- J: Corneanas
- K: Rochas subvolcánicas
- L: Granito

**33. Cantas series sedimentarias se poden recoñecer?**

- a) Unha
- b) Dúas
- c) Tres
- d) Catro

**34. O contacto indicado co número 1 representa:**

- a) Unha discordancia angular e unha inconformidade
- b) Unha discordancia angular e unha paraconformidade
- c) Unha inconformidade e unha paraconformidade
- d) Unha discordancia angular



**35. Atendendo á cronoloxía de eventos xeolóxicos, a secuencia correcta dos materiais sería:**

- a) L, J → H, G, F → E, D → C, B, A → K
- b) L, J → H, G, F → E, D → K → C, B, A
- c) H, G, F → L, J, I → E, D → K → C, B, A
- d) H, G, F → L, J, I → E, D → C, B, A → K

**36. A falla que se observa na parte oriental do corte:**

- a) É unha falla normal paleozoica
- b) É unha falla normal mesozoica
- c) É unha falla inversa cenozoica
- d) É unha falla normal cuaternaria

**37. Os materiais C, B, A representan:**

- a) A transición dun ambiente mariño a un ambiente continental
- b) Diferentes materiais depositados nun ambiente continental con rexistro de varios episodios volcánicos
- c) A transición dun ambiente continental a un ambiente mariño
- d) Diferentes materiais depositados nun ambiente mariño con rexistro de varios episodios volcánicos

**38. O nivel H representa:**

- a) Unha rocha sedimentaria detrítica formada nun ambiente mariño
- b) Unha rocha metamórfica cuxo protolito sería unha areísca
- c) Unha rocha metamórfica de alto grado de metamorfismo
- d) Unha rocha sedimentaria de precipitación química

**39. En cal dos seguintes materiais sería máis probable atopar unha textura pegmatítica? :**

- a) J
- b) B
- c) L
- d) K

**40. O proceso xeolóxico que deu lugar ás corneanas da unidade J foi:**

- a) Un proceso sedimentario
- b) Un proceso de metasomatismo
- c) Un proceso de metamorfismo de contacto
- d) Un proceso de metamorfismo termodinámico